

## I. DISPOSICIÓN XERAIS

### MINISTERIO DE ECONOMÍA E COMPETITIVIDADE

**1679** *Real decreto 303/2012, do 3 de febreiro, polo que se regula o Comité Consultivo da Comisión Nacional do Mercado de Valores.*

O artigo 22 da Lei 24/1988, do 28 de xullo, do mercado de valores, configurou o Comité Consultivo da Comisión Nacional do Mercado de Valores como órgano de asesoramento do Consello da dita comisión. Este artigo foi modificado recentemente pola disposición derradeira segunda da Lei 21/2011, do 26 de xullo, de diñeiro electrónico, que introduciu cambios na súa composición cun dobre obxectivo. Dunha banda, adecuar a súa composición á aparición de novos suxeitos nos mercados de valores, dando cabida ademais a expertos de diversos ámbitos profesionais relacionados co mercado de valores. Doutra, garantir a representatividade deste órgano consultivo cuxo funcionamento nos últimos tempos ten posto de manifesto certas necesidades de mellora.

De acordo co exposto e dada a remisión ao desenvolvemento regulamentario que realiza o artigo 22 da Lei 24/1988, do 28 de xullo, en canto á determinación do número de vogais e á forma de designación, este real decreto pretende adaptar a regulación regulamentaria do Comité Consultivo ás modificacións introducidas pola Lei 21/2011, do 26 de xullo. En concreto, ademais dos representantes designados por cada unha das comunidades autónomas con competencias en materia de mercados de valores en cuxo territorio exista un mercado secundario oficial, haberá catorce vogais en representación das infraestruturas de mercado, dos emisores, dos investidores, das entidades de crédito e entidades aseguradoras e dos fondos de garantía de investimentos. Finalmente, auméntase o número de vogais de catorce a dezasete para dar cabida a tres representantes dos dous colectivos profesionais designados pola Comisión Nacional do Mercado de Valores. No entanto, tal e como indica a disposición adicional única, estas modificacións non supoñerán incremento do gasto público.

Adicionalmente, para garantir a representatividade dos vogais ao longo de todo o seu mandato, modificouse o sistema de designación dos vogais e introdúcense novas causas de cesamento.

Por motivos de seguridade xurídica, optouse por elaborar un novo real decreto que substitúa integramente a regulación regulamentaria anterior, constituída polo Real decreto 504/2003, do 2 de maio, polo que se regula o Comité Consultivo da Comisión Nacional do Mercado de Valores.

Na súa virtude, por proposta do ministro de Economía e Competitividade, coa aprobación previa do ministro de Facenda e Administracións Públicas, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 3 de febreiro de 2012,

DISPOÑO:

Artigo 1. *Composición do Comité Consultivo.*

O Comité Consultivo da Comisión Nacional do Mercado de Valores a que se refiren os artigos 22 e 23 da Lei 24/1988, do 28 de xullo, do mercado de valores, que estará presidido polo vicepresidente da Comisión, está integrado polos seguintes vogais:

a) Dezasete, en representación das infraestruturas de mercado, dos emisores, dos investidores, das entidades de crédito e entidades aseguradoras, dos colectivos profesionais designados pola Comisión Nacional do Mercado de Valores e dos fondos de garantía de investimentos, conforme o establecido no artigo seguinte.

b) Un designado por cada unha das comunidades autónomas con competencias asumidas en materia do mercado de valores, en cuxo territorio exista un mercado secundario oficial.

Artigo 2. *Vogais representantes das infraestruturas de mercado, dos emisores, dos investidores, das entidades de crédito e entidades aseguradoras, dos colectivos profesionais designados pola Comisión Nacional do Mercado de Valores e dos fondos de garantía de investimentos.*

1. O grupo dos dezasete vogais designados en virtude da letra a) do artigo anterior terá a seguinte composición:

a) Tres vogais en representación das infraestruturas de mercado, distribuídos da seguinte forma: dous vogais en representación dos mercados secundarios oficiais e sistemas multilaterais de negociación e un vogal en representación dos sistemas de compensación e liquidación de valores e as entidades de contrapartida central.

b) Dous vogais en representación dos emisores de valores, distribuídos da seguinte forma: un vogal en representación dos emisores de valores integrados no IBEX 35 durante un período mínimo de tres anos e un representante dos restantes emisores de valores admitidos a negociación nun mercado secundario oficial.

c) Catro vogais en representación dos investidores, distribuídos da seguinte forma: un vogal en representación das institucións de investimento colectivo, un vogal en representación dos fondos de pensións, un representante dos investidores retallistas e un representante de accionistas das sociedades cotizadas e investidores en xeral.

d) Tres vogais en representación das entidades de crédito distribuídos entre bancos, caixas de aforro e cooperativas de crédito.

e) Un vogal en representación das entidades aseguradoras.

f) Tres vogais en representación dos colectivos profesionais.

g) Un vogal en representación dos fondos de garantía de investimentos.

2. Os vogais a que se refire este artigo deberán cumprir os seguintes requisitos:

a) Ter unha recoñecida honorabilidade empresarial ou profesional.

b) Non ter sido, en España ou no estranxeiro, declarado en concurso sen ter sido rehabilitado; non encontrarse procesado ou, tratándose do procedemento abreviado e do axuizamento rápido a que se refiren, respectivamente, os títulos II e III do libro IV da Lei de axuizamento criminal, que non se ditase auto de apertura do xuízo oral; non ter antecedentes penais por delitos de falsidades, contra a Facenda pública e contra a Seguridade Social, de infidelidade na custodia de documentos, de violación de segredos, de branqueo de capitais, de malversación de capitais públicos, de descubrimento e revelación de segredos, contra o patrimonio e contra a orde socioeconómica, de abuso de información privilexiada no mercado bolsista; de prevaricación, de omisión do deber de perseguir delitos, de suborno, de tráfico de influencias, de fraudes e exaccións ilegais ou non estar inhabilitado ou suspendido, penal ou administrativamente, para exercer cargos públicos ou de administración ou dirección de entidades financeiras.

c) Contar con coñecementos e experiencia adecuados en materias relacionadas co mercado de valores.

3. Para cada un dos dezasete postos previstos no punto 1, designarase un vogal titular e outro suplente. Estes últimos exercerán as funcións que se mencionan no punto 2 do artigo 10.

A designación dos vogais suplentes será realizada polos que designen aos titulares, con excepción daqueles vogais que fosen designados mediante sorteo entre os candidatos propostos por entidades ou persoas a título individual. Neste caso o vogal suplente designarase por sorteo e non poderá ter sido proposto como candidato pola mesma entidade ou persoa que teña proposto ao titular.

4. A duración do mandato dos vogais será de catro anos e estenderase desde o 1 de abril do ano inicial do mandato ata o 31 de marzo do ano en que conclúa, podendo ser os vogais reelixidos. Esta duración enténdese sen prexuízo dos supostos de cesamento por causa distinta do transcurso do tempo ordinario do seu mandato, de acordo co previsto no artigo 10. O vogal suplente exercerá o cargo unicamente ata o final do mandato do titular afectado por unha causa de cesamento anticipado.

5. No suposto de designación dos vogais por sorteo, os vogais non estarán ligados por mandato imperativo das entidades que apoiasen a súa candidatura.

#### Artigo 3. *Designación dos vogais representantes das infraestruturas de mercado.*

1. Os vogais en representación das infraestruturas de mercado serán designados da seguinte forma:

a) Un vogal será designado por proposta dos mercados secundarios oficiais e sistemas multilaterais de negociación que teñan valores de renda variable admitidos a negociación.

b) Un vogal será designado por proposta dos mercados secundarios oficiais e sistemas multilaterais de negociación que teñan exclusivamente admitidos a negociación valores de renda fixa e instrumentos financeiros derivados.

c) Un polos sistemas de compensación e liquidación de valores e as entidades de contrapartida central.

2. Os mercados e sistemas a que se refire o punto anterior deben encontrarse establecidos en España por un período mínimo de tres anos e sometidos a supervisión da Comisión Nacional do Mercado de Valores. A designación dos vogais será realizada pola Comisión Nacional do Mercado de Valores de entre os candidatos propostos polas entidades mencionadas nos puntos anteriores, tendo prioridade na designación aquela candidatura que represente aqueles mercados e sistemas que presenten un maior volume operativo medio nos tres últimos anos.

#### Artigo 4. *Designación dos vogais representantes dos emisores.*

Os vogais en representación dos emisores designaranse do modo seguinte:

a) Un vogal designado por sorteo de entre os emisores de valores integrados no IBEX 35 durante un período mínimo de tres anos, que presenten a súa candidatura.

As candidaturas serán presentadas polos emisores a que se refire esta letra ante o Consello da CNMV e o sorteo realizarase conforme o establecido no artigo 9.

b) Un vogal designado pola asociación máis representativa dos emisores e, no seu defecto, mediante a presentación de candidaturas polos que desempeñen a condición de emisores de valores non integrados no IBEX 35 ante o Consello da CNMV e posterior designación por sorteo, en virtude do establecido no artigo 9.

Para os efectos de designación dos vogais a que se refire este artigo, entenderanse excluídas as entidades de crédito e as entidades aseguradoras.

#### Artigo 5. *Designación dos vogais representantes dos investidores.*

Os vogais en representación dos investidores designaranse do modo seguinte:

a) Un vogal designado pola asociación máis representativa das institucións de investimento colectivo e, no seu defecto, mediante a presentación de candidaturas polos que desempeñen a representación destas institucións ante o Consello da CNMV e posterior designación por sorteo, en virtude do establecido no artigo 9.

Este vogal non poderá representar unha entidade de crédito ou unha entidade aseguradora.

b) Un vogal designado pola asociación máis representativa dos fondos de pensións e, no seu defecto, mediante a presentación de candidaturas polos que desempeñen a representación destas institucións ante o Consello da CNMV e posterior designación por sorteo, en virtude do establecido no artigo 9.

Este vogal non poderá representar unha entidade de crédito ou unha entidade aseguradora.

c) Un vogal en representación dos investidores retalistas designado polo Consello de Consumidores e Usuarios a que se refire o artigo 38 do texto refundido da Lei xeral para a defensa dos consumidores e usuarios e outras leis complementarias, aprobado polo Real decreto legislativo 1/2007, do 16 de novembro.

d) Un vogal designado pola asociación máis representativa dos accionistas das sociedades cotizadas e investidores en xeral e, no seu defecto, mediante a presentación de candidaturas por accionistas de sociedades cotizadas e investidores e a súa posterior designación por sorteo, en virtude do establecido no artigo 9. En defecto do anterior, a designación será realizada polo Consello a que se refire o punto anterior.

*Artigo 6. Designación dos vogais representantes das entidades de crédito e entidades aseguradoras.*

Os vogais en representación das entidades de crédito e entidades aseguradoras designaranse do seguinte modo:

a) Tres vogais serán designados polas asociacións máis representativas de bancos, caixas de aforro e cooperativas de crédito. Ningunha asociación poderá estar representada por máis dun vogal. A asociación máis representativa de caixas poderá atribuír a designación a outra asociación no caso de que os bancos a través dos que se exerza a actividade bancaria se integren nunha distinta á máis representativa de bancos.

b) Un vogal será designado pola asociación máis representativa das entidades aseguradoras.

En caso de que algunha das asociacións previstas neste artigo non designe o seu representante, este será elixido mediante a presentación de candidaturas polas propias entidades e posterior designación por sorteo, conforme o previsto no artigo 9.

*Artigo 7. Designación dos vogais representantes dos colectivos profesionais.*

Os vogais en representación dos colectivos profesionais designaranse da seguinte forma:

a) Un vogal designado conxuntamente polas corporacións de dereito público representativas dos auditores de contas, e no seu defecto, mediante a presentación de candidaturas por parte de auditores de contas a título individual e a súa posterior designación por sorteo, en virtude do artigo 9.

b) Un vogal designado pola asociación máis representativa de analistas financeiros, e no seu defecto, mediante a presentación de candidaturas por parte de analistas financeiros a título individual e a súa posterior designación por sorteo, en virtude do artigo 9.

c) Un vogal designado polo Consello da CNMV entre persoas de recoñecido prestixio en atención á súa especial cualificación técnica, experiencia e prestixio profesional, no ámbito da competencia da CNMV, logo de presentación das súas candidaturas a título individual.

*Artigo 8. Designación do vogal representante dos fondos de garantía de investimentos.*

O vogal representante dos fondos de garantía de investimentos será designado pola Sociedade Xestora do Fondo de Garantía de Investimentos conforme as normas reguladoras do seu réxime interno e, de existiren varios, por aquel que no último exercicio

inmediato anterior á apertura do proceso de renovación acredite o maior número de empresas adheridas.

Artigo 9. *Procedemento para o nomeamento dos vogais.*

1. Cando menos dous meses antes da data de vencemento do nomeamento dos vogais, o Consello da Comisión Nacional do Mercado de Valores adoptará un acordo de iniciación do procedemento, que conterà as seguintes disposicións:

- a) Declaración de iniciación do procedemento.
- b) Designación dos membros dunha mesa encargada da supervisión e control do dito procedemento, o cal impulsará de oficio todos os trámites. A designación dos membros da mesa efectuarase de acordo co que se estableza nas normas de réxime interior do Comité Consultivo.

2. O acordo de iniciación publicarase no «Boletín Oficial del Estado» e nos boletíns de cotización dos mercados secundarios oficiais, iniciándose os correspondentes prazos para a proposición de candidatos, de acordo cos seguintes criterios:

a) As asociacións representativas, as corporacións de dereito público representativas e demais entidades facultadas de conformidade co disposto nos artigos 3 a 8 deste real decreto comunicaranlle á Comisión Nacional do Mercado de Valores a designación dos candidatos cuxa proposta lles corresponda, así como escrito xustificativo da representación exixida, indicando o número de asociados durante o ano anterior á apertura do proceso de renovación do Comité, no prazo de 15 días hábiles desde a publicación do acordo de iniciación no «Boletín Oficial del Estado».

b) Os emisores a que se refire a letra a) do artigo 4 remitirán á CNMV escrito xustificativo da condición exixida, xunto coa proposta da súa candidatura a título individual no prazo de 15 días hábiles desde a publicación do acordo de iniciación no «Boletín Oficial del Estado». Cada candidato poderá remitir unha única candidatura.

c) As persoas de recoñecido prestixio a que se refire a letra c) do artigo 7 remitirán á CNMV escrito xustificativo da condición exixida, indicando a súa traxectoria profesional, xunto coa proposta da súa candidatura a título individual, no prazo de 15 días hábiles desde a publicación do acordo de iniciación no «Boletín Oficial del Estado».

3. Transcorrido o prazo de 15 días a que se refire o parágrafo a) do punto anterior, no caso de que algunha asociación representativa, ou as corporacións de dereito público a que se refire o artigo 7, non designasen o candidato que lles corresponde, a mesa do procedemento publicará no «Boletín Oficial del Estado» e nos boletíns de cotización dos mercados secundarios oficiais este feito, anunciando a posibilidade de que se presenten candidaturas a título individual. Os candidatos remitirán á CNMV escrito xustificativo da condición exixida xunto coa proposta da súa candidatura no prazo de 15 días hábiles desde a publicación do acordo no «Boletín Oficial del Estado». Cada candidato poderá remitir unha única candidatura.

4. Transcorrido o prazo para remitir os candidatos a que se refire o punto 3 anterior e o parágrafo b) do punto 2, anunciarase nos boletíns de cotización dos mercados a lista de candidatos e a data dos sorteos para designar os vogais titulares e suplentes de entre estes, con apertura dun prazo de dous días hábiles para a presentación das reclamacións a que dese lugar que serán resoltas pola mesa no prazo de dous días hábiles.

5. Realizados os sorteos, publicarase no «Boletín Oficial del Estado» e nos boletíns de cotización a lista provisional de todos os candidatos designados conforme o disposto neste artigo e abrirase un prazo de dous días hábiles para a presentación de reclamacións, que serán resoltas pola mesa do procedemento dentro dos dous días hábiles seguintes á súa presentación.

6. Transcorrido o prazo a que se refire o punto anterior os candidatos a que se refire este artigo serán nomeados vogais do Comité Consultivo polo Consello da Comisión Nacional do Mercado de Valores.

7. En todos os supostos nos que se concedan prazos para a presentación de documentos ante a mesa no procedemento de elección de vogais a que se refire este artigo, entenderase como data da súa recepción a do seu rexistro de entrada na Comisión Nacional do Mercado de Valores.

8. Entenderase por asociación máis representativa para os efectos deste real decreto aquela que acredite o maior número de asociados no ano natural inmediatamente anterior á apertura do proceso de renovación do Comité.

#### Artigo 10. *Cesamento dos vogais.*

1. Os vogais do Comité Consultivo recollidos no parágrafo a) do artigo 1 cesarán no seu cargo polas seguintes causas:

- a) Transcurso do tempo ordinario de mandato.
- b) Renuncia aceptada polo Consello da Comisión Nacional do Mercado de Valores.
- c) Separación acordada polo Consello da Comisión Nacional do Mercado de Valores, logo de informe do Comité Consultivo, por incumprimento grave ou reiterado dos seus deberes.
- d) Separación acordada polo Consello da Comisión Nacional do Mercado de Valores, logo de informe do Comité Consultivo, por alteración das circunstancias concorrentes nos vogais na data do seu nomeamento e, en particular, por aquelas que poidan afectar a adecuada representación dos grupos respectivos.
- e) Imposición dunha sanción de suspensión do exercicio do cargo ou separación do cargo con inhabilitación para exercer cargos de administración ou dirección en entidades financeiras desde o momento en que sexa firme en vía administrativa.
- f) A falta de asistencia ás sesións do Comité Consultivo de maneira reiterada e sen causa debidamente xustificada.
- g) Calquera outra causa que, segundo o ordenamento vixente, imposibilite para o exercicio do posto.

Nos casos previstos na letra f) anterior o cesamento producirase logo de comunicación da circunstancia causante deste por parte da entidade, asociación ou corporacións de dereito público representadas.

2. Os vogais suplentes substituirán o titular nos casos de ausencia ou enfermidade debidamente xustificadas, ou nos de cesamento deste antes do termo ordinario do seu mandato, ata que se proceda á súa substitución, en virtude do punto seguinte.

3. No suposto de cesamento dos vogais titulares ou suplentes por causa distinta ao transcurso do tempo ordinario do mandato e, unha vez comunicado o acordo sobre este adoptado polo Consello da CNMV, procederase de maneira inmediata á súa substitución conforme o procedemento previsto no artigo 9.

#### Artigo 11. *Vogais designados polas comunidades autónomas.*

1. Cada unha das comunidades autónomas con competencias na materia, en cuxo territorio estea localizado un ou varios mercados secundarios oficiais, designará un vogal titular e outro suplente. A designación producirá efecto ante a Comisión Nacional do Mercado de Valores desde o momento en que sexa notificada ao seu presidente.

2. O carácter da representación destes vogais, o procedemento da súa designación e o sistema de suplencia e cesamento serán os establecidos polas autoridades competentes de cada comunidade autónoma. A duración ordinaria do mandato dos vogais designados polas comunidades autónomas será a que estas determinen, ben que deberá corresponder a un ou máis períodos enteiros de tempo, coincidentes co sinalado no punto 4 do artigo 2.

3. As comunidades autónomas que designen vogais do Comité Consultivo, segundo o previsto neste artigo, comunicaranlle oficialmente ao presidente do Consello da Comisión Nacional do Mercado de Valores as normas que regulen os aspectos citados no



punto anterior, a designación e cesamento dos vogais e a autoridade competente en relación cos ditos aspectos.

Artigo 12. *Exercicio das funcións do Comité Consultivo.*

No caso de non se producir en tempo adecuado a designación ou elección dalgún dos vogais do Comité Consultivo, este poderá realizar as súas funcións sempre que conte cun mínimo de dez vogais que, de acordo con este real decreto, poidan exercer as súas atribucións como tales.

Artigo 13. *Réxime de funcionamento do Comité Consultivo.*

1. O Comité Consultivo poderá establecer o seu propio réxime de convocatorias tendo en conta, non obstante, a aplicación das seguintes regras:

a) As sesións do Comité Consultivo celebraranse nun número mínimo dunha por trimestre.

b) Serán convocadas polo seu presidente, quen fixará a orde do día, logo de acordo do Consello da Comisión Nacional do Mercado de Valores. Os membros do Comité deberán recibir a convocatoria, que conterá a orde do día das reunións, cunha antelación mínima de 48 horas.

c) Para a celebración de sesións do Comité será necesaria a concurrencia, en primeira convocatoria, da metade, cando menos, dos membros con que conte en cada momento.

d) O Comité Consultivo poderá prever unha segunda convocatoria para as súas sesións e especificar para estas o número de membros necesarios para constituír validamente o órgano que, en calquera caso, non poderá ser inferior á terceira parte dos membros do Comité.

O réxime de convocatorias que fose acordado polo Comité Consultivo deberá ser ratificado ou modificado cando se produza a renovación dos seus membros conforme o previsto neste real decreto. Tal ratificación ou modificación deberá ser acordada polo Comité dentro dos tres meses seguintes á súa constitución cos novos membros.

2. As sesións do Comité Consultivo serán presididas polo vicepresidente da Comisión Nacional do Mercado de Valores, ou, na súa ausencia, polo membro do Consello da Comisión que aquel designe. Actuará como secretario, sen voto, o que o sexa do dito Consello.

3. O presidente do Comité Consultivo non terá dereito de voto en relación co contido dos informes que deba emitir o dito Comité; disporá de plenas facultades para decidir en todo o relativo ao procedemento que debe seguirse para o ordenado desenvolvemento das deliberacións e a adopción dos acordos, dentro do previsto polas normas de réxime interior do Comité.

4. Salvo o disposto no punto anterior, cada membro do Comité terá un voto e adoptaranse os acordos por maioría simple dos votos dos vogais asistentes.

5. As actas das reunións do Comité Consultivo recollerán sucintamente tanto as posicións maioritarias como aquelas que reúnan un mínimo de tres votos, con indicación das razóns a favor dunhas e outras. Os que desexen deixar constancia de posicións particulares poderán pedir a inclusión en acta dos textos elaborados por eles mesmos, que se incorporarán en anexo.

6. Sen prexuízo do previsto no punto 1 anterior, corresponderalle á Comisión Nacional do Mercado de Valores aprobar as normas de réxime interior do Comité Consultivo, por proposta deste.

7. Os vogais do Comité Consultivo, actuando en calidade de tales e de forma individual ou conxunta, poderanse dirixir por escrito ao Consello da Comisión Nacional do Mercado de Valores presentando informes ou propostas sobre calquera tema da competencia desta comisión, así como peticións de inclusión daqueles na orde do día de futuras sesións do Comité Consultivo. O presidente do Comité Consultivo dará conta a

este das decisións motivadas que o Consello da Comisión Nacional do Mercado de Valores adoptase respecto de tales iniciativas.

Artigo 14. *Exercicio das funcións dos vogais.*

1. Son deberes dos vogais do Comité Consultivo os seguintes:

- a) Asistir ás reunións do Comité Consultivo cando para elas sexan convocados.
- b) Gardar segredo sobre os asuntos de que coñezan por razón do seu cargo, cando teñan natureza reservada, xa sexa porque se sometan ao Comité con tal carácter, porque o estableza expresamente o presidente do Comité ou resulte das normas de réxime interior deste, ou porque tal natureza reservada se derive do disposto no título VII da Lei 24/1988, do 28 de xullo, ou noutras disposicións.
- c) Os demais que resulten das normas de réxime interior do Comité Consultivo ou de acordos adoptados por este.

2. O desempeño da función de vogal será gratuito. Iso non obstante, a Comisión Nacional do Mercado de Valores poderá establecer axudas de custo de asistencia e indemnizacións por gastos de viaxe e estancia.

Disposición adicional única. *Ausencia de incremento do gasto público.*

A execución deste real decreto non supoñerá incremento do gasto público. En particular, o funcionamento da mesa do procedemento a que se refire o artigo 9 atenderase cos medios persoais e materiais da Comisión Nacional do Mercado de Valores.

Disposición transitoria única.

Este real decreto será de aplicación ao procedemento de nomeamento dos vogais do Comité Consultivo da Comisión Nacional do Mercado de Valores previsto para o ano 2012, sen prexuízo de que, para este ano, o acordo de iniciación do procedemento se poderá realizar nun prazo menor do previsto no artigo 9.1.

Disposición derogatoria única. *Derrogación normativa.*

Quedan derogadas cantas disposicións de igual ou inferior rango se opoñan ao disposto no presente real decreto e, en particular, o Real decreto 504/2003, do 2 de maio, polo que se regula o Comité Consultivo da Comisión Nacional do Mercado de Valores.

Disposición derradeira primeira. *Facultades de desenvolvemento.*

O ministro de Economía e Competitividade e, coa súa habilitación expresa, a Comisión Nacional do Mercado de Valores, poderán ditar cantas disposicións sexan necesarias para o desenvolvemento e execución do disposto neste real decreto.

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o mesmo día da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 3 de febreiro de 2012.

JUAN CARLOS R.

O ministro de Economía e Competitividade,  
LUIS DE GUINDOS JURADO